



REGULAMENTO PARTICULAR





INDICE

ARTIGO 1.: PROGRAMA HORARIO

ARTIGO 2.: ORGANIZACION

ARTIGO 3.: MODALIDADES XERAIS

ARTIGO 4.: DESCRICIÓN

ARTIGO 5.: VEHÍCULOS ADMITIDOS

ARTIGO 6.: CONCURSANTES ADMITIDOS

ARTIGO 7.: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

ARTIGO 8.: DEREITOS DE INSCRICIÓN-SEGUROS

ARTIGO 9.: PUBLICIDADE

ARTIGO 10.: HORA OFICAL

ARTIGO 11.: PENALIZACIÓNS

ARTIGO 12.: PREMIOS

ARTIGO 13.: DISPOSICIÓNS CONTRARIAS A NORMATIVA XERAL DA F.G.A.

ANEXO I.: GPS

ANEXO II: NORMAS XERAIS DA PROBA.



ARTIGO 1.- PROGRAMA-HORARIO

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
19/09/2025	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	ESCUDERIA BARBADÁS
21/09/2025	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	marabucompeticion@gmail.com
20/10/2025	20:00	Peché de inscricións	Tfno. 687895183
21/10/2025	18:00	Publicación lista de inscritos	FGA e SPORTITY
Venres 24/10/2025	16:00	Apertura parque de asistencia	BARBADÁS
	17:00	Comezo das verificacións optativas e voluntarias	BARBADÁS
	20:00	Fin das verificacións optativas e voluntarias	BARBADÁS
	22:00	Peché parque de asistencia	BARBADÁS
Sábado 25/10/2025	08:00	Apertura parque pechado/parque de traballo	BARBADÁS
	De 08:00 a 10:00	Verificacións Administrativas: Mesa A: Carcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos	MUSEO DA GAITA DE FOLE (DCION. DE CARREIRA) BARBADÁS
	De 08:00 a 10:30	Verificacións Técnicas: As verificacións faranse no lugar e ora sinalados e publicados no SPORTITY. Calle A: Carcross Calle B: Atmosféricos Calle C: Turbos	PARQUE PECHADO E VERIFICACIONES (BARBADÁS)
	De 08:30 a 10:00	Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en no horario taxado para tódolos equipos. Só se autorizará o sábado pola mañá, de 8 a.m. a 10 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.	OBLIGATORIO PASAR ANTES AS ADMINISTRATIVAS
	11:00	Breafing (obligatorio para tódolos participantes)	CONCELLO DE BARBADÁS
	11:15	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	SPORTITY
	11:45	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	12:00	Saída 1º participante (1ª pasada)	TREITO
	14:15	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	14:30	Saída 1º participante (2ª pasada)	TREITO
	16:45	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	17:00	Saída 1º participante (3ª pasada)	TREITO
	21:30	Hora límite entrada Parque Pechado	PARQUE PECHADO
Domingo 26/10/2025	07:30	Apertura Parque Pechado	PARQUE PECHADO
	09:15	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	09:30	Saída 1º participante (4ª pasada)	TREITO
	11:15	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	11:30	Saída 1º participante (5ª pasada)	TREITO
	13:00	Publicación de resultados	MUSEO DA GAITA (BARBADÁS)
	14:00	Entrega de premios e trofeos	MUSEO DA GAITA (BARBADÁS)
		Rolda de prensa dos vencedores de cada Agrupación (6)	MUSEO DA GAITA (BARBADÁS)

Os horarios poderán variar en función do número de participantes




Nota: **Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados)**: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende a publicación deste regulamento na web da FGA o taboleiro oficial será virtual a través da APP Sportity, onde se farán os comunicados, complementos e demais avisos a equipos e pilotos. **A ora de presentación na liña de presaida de cada vehículo, será publicada con tempo suficiente para cada tramo.**

O código de acceso é:



ARTIGO 2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 2.1.- Definición:

A ESCUDERÍA BARBADÁS CLUBE DEPORTIVO organiza o 11º RALLYMIX DE BARBADÁS “Memorial Gonzalo Belay”, que se desenrolará dende o día 24 de OUTUBRO ó día 26 de OUTUBRO do ano 2025.

Este RallyMix disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2025 as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 25 de agosto de 2025. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-049-RX.

Artigo 2.2.- Comité Organizador:

Presidente:

D. Juan Carlos Villanueva Fernández

Vocais:

D. José Manuel Barreiros Ferreiro

D^a. Olaya Villanueva Fernández

D. Juan Ricardo Costoya Gomez

D. Francisco Da Costa Forneiro

D. Rubén Randolfe Dacosta

D. Julio López Domínguez

D. Miguel Cid Gil

D. Maikel Salgado Criez

D. Iago Lopez Cid

Relacions públicas:

D^a Elsa Barreiros

Relacións institucionais:

D. José M. Barreiros Ferreiro e D. Julio Lopez Dominguez

Secretario:

D. José F. Sampayo



ESCUDERÍA BARBADÁS

Rúa Carreira 7

C.P. 32890 BARBADÁS (Ourense)

Teléfonos: 677 537 355 (Presidente) – 687 895 183 (Secretario)

Mail escudería: escuderiabarbadas@gmail.com

Mail inscricións: marabucompeticion@gmail.com

Oficina de prensa:

Rua Carreira 7. 32890 Barbadás (Ourense)

Xefa de prensa: Diana Belay Gómez (Tel.: 610 878 058)

Mail prensa: escuderiabarbadas.prensa@gmail.com

Artigo 2.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Juan Carlos Villanueva Fernández

DC-00547-ESP/GA

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Vicente A. Vazquez Gomez

CD-04249-ESP/GA

D. Román Lamas Fernandez

CD-03772-ESP/GA

D. Julio C. Bouzo Couceiro

CD-05236-ESP/GA

Observador da F.G. de A.:

D. David Gil Leiro

OBS- 04246-ESP/GA

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Victor Mato Gañete

JCT-04254-ESP/GA

Xefe Técnico D. José M. Rodriguez Fernandez

JCT-03616-ESP/GA

Dª Natalia Seara Piña

CT-05227-ESP/GA

D. Manuel Prada Bande

CT-05229-ESP/GA

D. Diego Franco Rodriguez

CT-03639-ESP/GA

Director da Carreira-Oficina:

D. Alejandro Fraga Paradela

DC- 02941ESP/GA

Secretaria da Proba:

Dª Raquel Rodriguez López

DC-03580-ESP/GA

Xefe de Cronometraxe:

D. Antonio Quintela Gonzalez

DC-02943-ESP/GA

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Juan Carlos Villanueva Fernández

DC-00547-ESP/GA

Vehículo "0" (DIRECCION NA ESTRADA):

Bermello D. José F. Sampayo Méndez

DC-05162-ESP/GA

Vehículo "00" (ESCOBA):

Verde D. Bruno Trajano Rivera Pazos

DC-00199-ESP/GA

Servicio informático e publicación de tempos:

GMHP (ATODOMOTOR.COM)

Servicios médicos en treitos:

E.M.S. GALICIA

Servicio de ambulancias:

Ambugal

Centros asistenciais:

CHUO, CO.SA.GA, EL CARMEN. e os designados por concerto pola Cia. aseguradora

Servicio de guindastres:

Gruas Baldomero e Desguaces Tino

Nota: En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" (ESCOBA) pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser ocupados, alomenos por un Oficial con licencia DC, expedida pola F.G. de A., e á súa vez estarán incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.



Artigo 3.- MODALIDADES XERAIS.

O 11º RallyMix de BARBADÁS é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Rallymix Clase A.
- Campionato de Galicia de Rallymix Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Copilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 6.
- Copa de Galicia de RallyMix para ESCUDERIAS
(debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).
- 2ª Copa MRF Rallymix Car Cross
- 11ª Copa Rallymix Pirelli

Artigo.4.- Descripción.

O 11º RallyMix de BARBADÁS consta dun percorrido de 9.250 Kms. pechado totalmente o tráfico, dos cales 7.930 Kms. corresponden a un treito cronometrado por pistas de terra/asfalto, e o resto a zona de presaída, deceleración e mais o parque pechado e de asistencia. Está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. **O RallyMix terá un parque de traballo e un parque pechado nocturno diferenciado.**

Artigo.5.- VEHÍCULOS ADMITIDOS. Según regulamentación publicada do Campionato de Galicia de Rallymix.

CLASE “A”:

AGRUPACIÓN 1: Vehículos carcass ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autoblocante, vehículos quad tipo Polaris,ATV ou SSV e demais homologados pola F.G. de A.

FIA CrossCar (De acordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI).

Poderán levar policarbonatos dun mínimo de 3mm ou cristales de tipo parabrisas (laminado interiormente) en substitución da reixa de Autocross. O uso de gafas só é obrigatorio como medida de seguridade, no caso de que unha das partes do carcass non estea totalmente pechada (frontal e laterais). Obrígase o uso de corta cintos, no caso dos SSV deberán levar piloto e copiloto.

CLASE “B”:

AGRUPACIÓN 2: Vehículos con motor ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN 3: Vehículos con motor +1.601 c.c. ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos con motor +2.001 c.c. ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Vehículos con motor +3.001 c.c. Prototipos de 1 ou 2 motores de moto e vehículos SCC.

AGRUPACIÓN 6: Vehículos propulsión traseira, respetando a fisionomía de serie sen ser chasis tubular.

Todo aquel vehículo que queira presentar un cambio de agrupación aínda cumprindo o motor con unha das agrupacións, deberá certificar o cubicaxe dende un taller externo. Con esta información a FGA poderá en caso de dúbida precintar ese vehículo e proceder ao seu cubicaxe nun taller concertado. Si se comproba unha mala praxis no equipo con información errónea este será sancionado ca retirada dos puntos acadados ata á fecha e apertura de expediente disciplinario.

Artigo.6.- Concursantes admitidos

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2025 publicado pola Federación Galega de Automobilismo

Artigo.7.- Solicitude de inscrición-inscricións

1. Toda persoa que desexa participar no 11º RallyMix de Barbadás deberá cubrir o Formulario de Inscrición da web da FGA e remiti-lo o abono da inscrición, debidamente cumprimentada

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 20 DE OUTUBRO de 2025



, á secretaría do RallyMix, sita en:

ESCUDERÍA BARBADÁS

Rúa Carreira nº 7

32890 BARBADÁS (Ourense)

Teléfonos: 677 537 355 (Presidente)

687 895 183 (Secretario)

648 494 797 (Inscripcións)

Mail para inscricións: marabucompeticion@gmail.com

O nº de inscritos fíxase nun máximo de 100 vehículos.

- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición
- Os dereitos de inscrición deberán ser aboados por trasferenza ou ingreso, indicando no mesmo o nome do piloto a que corresponde, **na conta da Escudería Barbadás, Banco Sabadell Gallego de A Valenzá (Barbadás):**

Nº IBAN: ES27 0081 2167 8800 0103 7606

- Admitiranse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.
- A orde de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos.
- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á F.G. de A. O habilitado revisará, e reorganizará a mesma si fora necesario, para axustalas potencias e capacitación dos pilotos a lista de inscritos, real e efectiva.

Artigo.8.- Dereitos de inscrición - Seguros.

8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

8.1.1.- **260,00 €.** +31 € alquiler GPS, aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.


8.1.2.- **520,00 €.** +31 € alquiler GPS, refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 1.1.).

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

8.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo .9.- PUBLICIDADE.

9.1.- Obrigatoria (a designar en complemento polo o Organizador)



9.2.- **Facultativa:** Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polo organizador deben reservalos emplacements sinalados (según a normativa da F.G.A.). **A designar en complemento.**

9.3.- Todos os carcross deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para estes vehículos.



Artigo 10.- Hora oficial do RallyMix.

10.1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

10.2.- O Director de Carreira designará, in situ, a hora de saída de cada treito. Emitirá pola App Sportity a hora de presentación en Pre-saída dos pilotos en cada manga. Aínda con isto deberán estar a disposición dos Comisarios e Organizador 20 minutos antes da saída teórica. Calquera requirimento en canto adianto do horario estimado ou retraso sería comunicado pola mesma App: SPORTITY: **BARBADAS25**.

Artigo 11.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de Rallymix da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2025

Artigo 12.- Premios.

PREMIOS “CLASE A”		
XERAL	PREMIOS POR AGRUPACIONS	
1º 350 € e Trofeo	CARCROSS	SVV OFF ROAD
2º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º Trofeo
3º 150 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º Trofeo
4º 100 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	3º Trofeo
TOTAL PREMIOS: 850 €	TOTAL PREMIOS: 600 €	
TOTAL PREMIOS CLASE A: 1.450 €		

PREMIOS “CLASE B”			
XERAL	PREMIOS POR AGRUPACIONES 2, 3, 4, 5 e 6		
1º 450 € e Trofeo	Ata 1600 c.c. (Ag. 2)	1601 c.c. ata 2000 c.c. (Ag. 3)	
2º 350 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	
3º 300 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	
4º 250 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	
5º 200 €	2001 ata 3000 c.c. (Ag. 4)	+ 3001 c.c. (Ag. 5)	Propulsión Traseira (Ag.6)
6º 150 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
7º 100 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
8º 100 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
TOTAL PREMIOS: 1.900 €	TOTAL PREMIOS: 3.000 €		
TOTAL PREMIOS CLASE B: 4.900 €			

2ª COPA MRF
1º Trofeo
2º Trofeo
3º Trofeo



A maiores dos premios e trofeos fixados pola FGA para o campionato de RallyMix, a Escudería Barbadás otorga tamén:

- Trofeo Gran Premio Barreiros Consultores, o primer pilot@ ourensan clasificado na xeral.
- Trofeo Escudería Barbadás o primer clasificado/a da Escudería Barbadás.
- Trofeo Enrique Fernández "VILA" o primeiro equipo clasificado da agrupación 6
- Trofeo Bar Pepito o mellor equipo novel (menor de 21 anos)
- Trofeo Gonzalo Belay o profesional ou medio que mellor cobertura, a xuízo do organizador, dé do rallymix de Barbadás

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, siareiros, nin mecánicos.

Artigo 13.: DESPOSICIÓN CONTRARIAS A NORMATIVA XERAL DA F.G.A.:

Según artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campeonatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A." Deberán facer constar no regulamento particular as excepcións aprobadas pola F.G.A.

No artigo 10.2 di: "O Director de Carreira designará, in situ, a hora de saída de cada treito. E inmediatamente publicárase na aplicación para coñecemento dos pilotos e equipos"

Don Juan Carlos Villanueva Fernández, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC-00547-ESP/GA, solicita a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Director da Proba
N.I.F.: 44458840R

Fdo: Alejandro Fraga Paradela
Licencia DC-02941ESP/GA

Entidade: ESCUDERÍA BARBADÁS
C.I.F.: G32466575



Fdo: D. Juan Carlos Villanueva Fdez.
Presidente
Licencia DC-00547-ESP/GA

Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 34963491H

Fdo: D. Juan Carlos Villanueva Fernández
Licencia DC-00547-ESP/GA



ANEXO I: GPS

1. Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallymix

- a) A compra do soporte do GPS e obrigatoria (25 euros, IVA INCLUIDO).
- b) No Campionato de Galicia de Rallymix no desenvolvemento das probas, os vehículos de competición levarán obrigatoriamente instalado un sistema GPS. Será obrigatoria a utilización durante os recoñecementos programados polo organizador. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición e servirá para alertar á Organización dos equipos de posibles incidencias ou bandeiras vermellas. Tamén servirá para que os equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.
- c) O GPS deberá ir montado no vehículo en un lugar dende lle chegue o Piloto e Copiloto por criterios de Seguridade.
- d) O CC.DD poderá facer uso dos datos do GPS para contrastar e poder aplicar sancións ou asignar tempos en caso de forza maior.

2. Funcionamento:

- a) O sistema deberá ter botón SOS que se deberá usar ÚNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- b) Deberase manter pulsado segundo se indica nas instrucións, no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- c) Cando o Director da Proba, ó seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.
- d) O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente ós Comisarios Deportivos.
- e) A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

3. Bandeira vermella electrónica:

- a) Nas probas puntuables para o Campionato de Galicia de Rallymix, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados para o sistema de bandeira vermella electrónica.
- b) A pantalla que indique a os membros do equipo que se activou a bandeira vermella electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira vermella electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira vermella electrónica, xunto cas instrucións do dispositivo.
- c) Só se pode activar/desactivar a bandeira vermella electrónica dende Dirección da Proba.
- d) Unha vez sexa mostrada a bandeira vermella electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, dá conformidade á Dirección da Proba, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira vermella electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira vermella, será motivo de penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.
- e) Mostrada a bandeira vermella electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo: Os Equipos a os que se mostre bandeira vermella Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ó que se lle mostrou bandeira vermella dentro do treito cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director da Proba, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa. Non respectar esta regra comportará unha penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.

4. Entrega devolución do aparello GPS:

- a) A entrega do dispositivo GPS realizarase nas Verificacións administrativas e entrega do Roadbook. O GPS entregarase e será de carácter obrigatorio que cada participante o instale no vehículo de recoñecementos e o cambie despois ó vehículo de competición, sendo responsabilidade do equipo facer o cambio, podendo non ser autorizado a saír si non ten o GPS instalado no vehículo.
- b) A devolución do dispositivo GPS realizarase no Parque Pechado ou Dirección de Carreira ó finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.



- c) En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo é o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección da Proba) ou no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba. Deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.
- d) Durante a proba, calquera incidencia do GPS para cambiálo se falará co Relacións cos participantes para poder cambiálo.
- e) O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa económica. Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia

SPICA III

Manual de uso rápido




● NOTIFICACIÓN DE SOS

Para solicitude de atención médica inmediata ou notificación de vehículo que impide totalmente o paso de outros participantes.



Pulsar botón vermello e verde simultaneamente durante 2 segundos.



● NOTIFICACIÓN DE AVARÍA

Notificación de que un vehículo non pode continuar, pero non obstaculiza o paso.
Pulsación botón vermello 2 segundos.



● CONFIRMACIÓN TODO OK?

Si desde dirección da carreira se solicita información do estado dos participantes. 3 posibles respostas:



Para indicar que está todo ben



Para indicar S.O.S.



Para indicar AVARÍA

alternando con pantalla completa en rojo.



● BANDEIRA VERMELLA / RED FLAG

A pantalla mostra as letras "RF" (Red Flag), alternando coa pantalla completamente en vermello.

O participante debera pulsar o botón Verde para confirmala lectura.

anube.es

V5 - 2020



ANEXO II: NORMAS XERAIS DA PROBA

1. **Haberá unha zona de presáida** debidamente sinalizada e controlada polos comisarios técnicos onde se comprobará que os participantes cumpran coas normas de seguridade (levar a roda de reposto, casco, luvas, hans, etc...)
2. O número máximo de pasadas polo treito será de cinco. Por operatividade o número de pasadas o sábado será de 3 e o domingo de 2. O condicionante da luminosidade, e do número de participantes, autoriza a exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión das mangas a celebrar, no caso de aprazarse parcialmente unha manga para o día seguinte será sempre nunha clase completa.
3. Publicarase en formato dixital un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto. Publicarase na web da F.G.A. e mais na aplicación do Rallymix. Tamen editarase o vídeo do treito para facilitar os recoñecementos os equipos sen copiloto cun mínimo de 5 días de antelación a proba.
4. **BRIEFING:** Haberá un briefing despois das verificacións e antes da primeira manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión. Celebrarase no Concello de Barbadás.
5. As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.
6. O **Taboleiro de avisos** que inclúe todos os comunicados, complementos e decisións, así como os horarios de saída de cada tramo e os tempos realizados no mesmo serán en formato telemático, a través da aplicación oficial do Rallymix de Barbadás: **Sportity (Contrasinal: BARBADAS25)**. Haberá un segundo taboleiro cos documentos esenciais na secretaria do Rallymix.
7. Nos **recoñecementos** só poden ir no vehículo os participantes, prohibíndose acompañantes alleos á inscrición. Os inscritos, sen copiloto, poden recoñecer o treito coa súa asistencia, debidamente licenciado, e figurando como asistencia na mesma táboa.
8. Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.
9. Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en horario taxado, e teranse que facer a velocidade moderada, non pasando de 60 KM/H. por hora en todo o treito, en vehículos de calle, non podendo empregar o vehículo co que participa o equipo.
10. Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito. Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das oras sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos os efectos, e apertura de expediente disciplinario.
11. **A oficina oficial da proba estará instalada no MUSEO DA GAITA DE FOLE do Concello de Barbadás, sito na rua Carreira (fronte a Adegas de Marabú). No mesmo lugar estará a Dirección de Carreira, Comisarios Deportivos e mais Prensa.**
12. **Parque Pechado – Parque de Asistencia.**
 - 12.1 O comezo do **PARQUE DE ASISTENCIA** estará sinalizado con vallas e cartelería o seu comezo e o final. A zona de presáida que tamen estará sinalizada con valla e cartel. **QUEDA TERMINANTEMENTE PROHIBIDO INSTALAR ASISTENCIAS FORA DO ESPACIO SINALADO, SALVO AUTORIZACIÓN EXPRESA DO ORGANIZADOR E XEFE DE SEGURIDADE: JUAN CARLOS VILLANUEVA "MARABÚ"** O incumplimento desta norma será comunicada a Dirección de Carreira e Comisarios Deportivos, que determinarán a sanción que corresponda, ademais de ter que retirar a asistencia o lugar apropiado.
 - 12.2 O **PARQUE PECHADO** estará debidamente sinalado e estará o carón do Parque de Asistencia
13. **Zona de deceleración.** O pasar a liña de meta existe una zona de deceleración e freado debidamente sinalizado o seu final,
14. **Os planos de accesos, así como a situación dos distintos lugares do rally serán publicados na FGA, na app e mais en redes sociais.**